



ANEXO XIII

PAM POR INCENDIO FORESTAL NO CONCELLO DE AVIÓN



FEDER “Unha maneira de facer Europa

FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL

ÍNDICE

I. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

II. RESUMEN DA NORMATIVA LEGAL APLICABLE A ESTE PLAN DE ACTUACIÓN MUNICIPAL

NORMATIVA AUTONÓMICA

III. GLOSARIO

IV. DESCRICIÓN TERRITORIAL DA COMARCA XEOFORESTAL

V. ASPECTOS CLIMATOLÓXICOS

VI. ÁREAS DE ESPECIAL PROTECCIÓN

VII. ANÁLISE DO RISCO, VULNERABILIDADE E ZONIFICACIÓN

RISCO DE INCENDIO

ANÁLISE DO RISCO E CLASIFICACIÓN

VULNERABILIDADE

ZONIFICACIÓN

VIII. DIRECCIÓN DO PAM PARA A LOITA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS

IX. ESQUEMA DE TECCIÓN

X. OPERATIVIDADE

XI. PREVENCIÓN E FORMACIÓN

XII. DE TECCIÓN E AVISO

XIII. CATALOGO DE MEDIOS E RECURSOS

Anexos ó PAM Incendios:

HISTÓRICO DE INCENDIOS NO CONCELLO DE AVIÓN

SITUACION DE MASAS FORESTAIS DO CONCELLO DE AVIÓN

IRDI- ÍNDICE DE RISCO DIARIO DE INCENDIO

ZONAS DE ACTUACIÓN, EN BASE ÁS COMPETENCIAS MUNICIPAIS

MEDIOS MUNICIPAIS E ACTUACIÓNS PARA A PREVENCIÓN E

DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

COMO COMBATIR INCENDIOS FORESTAIS

SITUACIÓNS DE RISCO

PUNTOS DE AUGA NO CONCELLO DE AVIÓN

TECORES DO CONCELLO DE AVIÓN

I. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Os incendios forestais constitúen un grave problema, non só polos danos causados de forma inmediata ás persoas e bens, especialmente ós forestais, senón tamén polas consecuencias que derivan dunha situación de deforestación que comporta unha grave deterioración do ambiente.

As circunstancias que concorren nos incendios forestais, como factores capaces de orixinar situacións de grave risco, catástrofe ou calamidade pública a que se refire a Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, sobre Protección Civil, fan necesario o emprego coordinado dos recursos e medios pertencentes ás distintas administracións públicas e a outras entidades públicas e privadas.

A organización e estrutura do presente Plan de Actuación Municipal por Incendios Forestais (PAM Incendios Forestais) realizouse, de acordo co establecido no Platerga (Plan Territorial de Protección Civil de Galicia) xa que é o Plan Marco da Comunidade Autónoma de Galicia, así como o disposto na Directriz Básica de Protección Civil ante o risco de incendios forestais.

Ademais debe cumprir co establecido no Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia PLADIGA que obedece ó disposto Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia modificada pola Lei 7/2012, do 28 de xuño, de Montes de Galicia, á Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, sobre Protección Civil, á Lei 5/2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia, ao Plan Territorial de Emerxencias de Galicia (PLATERGA) e ao Plan Especial de Protección Civil ante Emerxencias por Incendios Forestais na Comunidade Autónoma de Galicia.

O presente Plan de Actuación Municipal en Emerxencias por Incendios Forestais de Avión é un documento técnico que analiza este risco, describe a organización neste tipo de situacións e recolle os medios e recursos dispoñibles a nivel municipal.

O obxectivo deste PAM é a protección dos seguintes valores:

- o A vida e seguridade das persoas do Concello de Avion o
- As infraestructuras, instalacións e zonas habitadas. o
- Valores económicos do municipio

o Valores de protección contra a erosión dos solos.

o Valores de singularidade ecolóxica dentro do termo municipal o
Valores paisaxísticos.

o Patrimonio histórico-artístico do Concello

O ámbito de aplicación deste plan é o Concello de Avion e, en especial, as
zonas de especial protección ecolóxica que se indican máis adiante.

**II. RESUMEN DA NORMATIVA LEGAL APLICABLE A
ESTE PLAN DE ACTUACIÓN MUNICIPAL**

NORMATIVA ESTATAL		NORMATIVA AUTONÓMICA	
MARCO LEGAL	ARTIGOS	MARCO LEGAL	ARTIGOS
Norma Básica de Protección Civil. CIVIL (BOE 1/5/92)	3.1 6.0 8.3	Plan Territorial de Galicia (PLATERGA)	Capítulo VIII
Directriz Básica de Planificación de Protección Civil en Emerxencial por Incendios Forestais (Orde 2/4/93. BOE. 15/4/93)	3.4 3.4.1. 3.4.2. 4.3	PLADIGA (Plan de Defensa contra Incendios Forestais de Galicia)	Todos Anual
Lei 81/1968, de 5 de Decembro de Incendios Forestais	(Seguen vixentes varios puntos)	Orde do 31 de xullo do 2007 pola que se establecen criterios para a xestión da biomasa vexetal.	Todos
Decreto 3769/1972 de Decembro polo que se aproba o Regulamento de Incendios Forestais.	(Seguen vixentes varios puntos)	Lei 3/2007, do 9 de Abril, de prevención e defensa contra incendios forestais en Galicia.	Todos
Decreto 105/2006 do 22 de xuño, relativos a prevención dos incendios forestais.	Todos		

III. GLOSARIO

112 Galicia : Centro de Emerxencias da Xunta de Galicia.

o **Alarma** : Detección e aviso dun problema

o **Alerta**: Aumento da atención ou vigilancia

o **Autobomba** : Conxunto de vehículo e bomba de auga que actúa contra o lume mediante a utilización de auga a presión.

o **CECOP-GALICIA** : Centro de Coordinación de Operativos da Comunidade Autónoma de Galicia situado no Centro de Emerxencias 112 Galicia

o **CECOP** : Centro de Coordinación Operativo. Composto polo Comité de Dirección, o Comité Asesor e o CETRA, SACOP e CIN

o **CETRA** : Centro de Transmisións

o **CIN**: Centro de Información

o **CMVMC**: Comunidade de Montes Veciñais en Man Común

o **Comité Galego de Defensa dos Montes contra Incendios**

Forestais: Órgano de Coordinación Superior da Defensa contra Incendios

Forestais en Galicia.

o **Comité de Dirección**: Órgano que exerce as funcións de dirección e coordinación da emerxencia naquelas situacións que o requiran.

o **Comité de Coordinación Policial antiincendios**: Órgano de Coordinación nas labores de investigación e disuasión policial na loita contra incendios forestais.

o **Comité de Distrito Ambiental**: Órgano de coordinación para establecer medidas de prevención e extinción de incendios e regulación de usos do solo no ámbito territorial do Distrito.

o **CECOP**: Centro de Coordinación Operativo a través do cal exerce o Comité de Dirección as funcións de dirección e coordinación da emerxencia.

o **Base de Helicópteros** : Instalación permanente ou semipermanente que serve de heliporto, dotada con servicios de apoio ó helicóptero e persoal.

o **BIF**: Brigada de Investigación Forestal, formada por especialistas na investigación forestal de causalidade de incendios.

o **Cartografía oficial**: a realizada con suxeición ás prescricións da Lei 7/1986, de Ordenación da Cartografía, polas Administracións Públicas ou baixo a súa dirección e control.

o **Centro de Coordinación e Control**: posto de mando Central, Provincial ou de Distrito dende o que se dirixe e coordinan as accións da defensa contra incendios.

o **Conato**: cando a superficie queimada, arborada mais a rasa, é igual ou menor a 1 ha, sempre que a arborada queimada sexa igual ou menor a 0,5 ha., ou cando afectando soamente a superficie rasa esta non supere 1 ha (ver esquema o final do capítulo).

o **Conductor de motobomba de defensa contra incendios forestais**: persoal que ten como misión principal conduci-los vehículos motobomba do servicio.

o **Brigada de prevención e de extinción**: conxunto de 1 capataz e 5 ou 6 peóns que actúan directamente contra o lume con ferramentas manuais ou tendidos de mangueras, ou indirectamente mediante traballos na liña de defensa. Trasládanse xeralmente en vehículos todo terreo.

o **Cuadrilla de helicópteros** : conxunto de 1 capataz e 5 a 10 peóns que actúa contra o lume con ferramentas manuais ou tendidos de mangueras. Trasládanse xeralmente en helicóptero.

o **Emisorista de defensa contra incendios forestais**: persoal que está a cargo do sistema de comunicacións utilizado polo servicio.

o **Director de extinción:** profesional encargado das operacións de extinción do incendio cos medios asignados.

o **GLPA:** Grupo Local de Pronto Auxilio, provinte do voluntariado de Protección Civil, composto por seis persoas.

o **GRUMIR:** Grupo Municipal de Intervención Rápida composto por 15 persoas.

o **Incendio forestal:** cando a superficie arborada queimada sexa maior de 0,5 ha ou, aínda que a superficie arborada queimada sexa inferior a 0,5 ha, cando a suma coa rasa sexa superior a 1 ha.

o **Índices de risco:** valores indicativos do risco de incendio forestal nunha zona.

o **PLADIGA:** Plan de Prevención contra Incendios Forestais da Comunidade Autónoma de Galicia.

o **Lume controlado:** é aquel que se conseguiu illar e dete-lo seu avance e propagación.

o **Lume extinguido:** situación na que xa non existen materiais de ignición no perímetro do incendio nin é posible a reprodución do mesmo.

o **Lume forestal:** lume que se estende sen control sobre terreo forestal, afectando a vexetación que non estaba destinada a arder e que, segundo o tipo de vexetación e superficie queimada, se clasifica en: incendio, conato e queima de matogueira.

o **Modelos de combustible :** diferentes tipos de vexetación clasificados e normalizados para o estudio e predicción do comportamento do lume en cada un deles.

o **Mobilización:** conxunto de operacións ou tarefas para a posta en actividade de medios, recursos e servicios para a loita contra incendios forestais.

o **Núcleo de Reserva:** conxunto de helicópteros, cuadrillas, vehículos todo terreo e maquinaria pesada que non teñen que estar todos necesariamente situados no mesmo punto.

o **Oficial 2º Mecánico de maquinaria de incendios:** persoal en posesión de coñecementos de mecánica.

o **Operador-Codificador de defensa contra incendios forestais:** persoal que manexa os medios materiais das oficinas dos Servicios de Defensa contra Incendios forestais, para o tratamento da información.

o **Operativo :** Conxunto de normas de actuación fronte a unha emerxencia.

o **Patrulla de vixilancia móbil:** conxunto dunha ou máis persoas que sobre un vehículo todo terreo (V.T.T.) recorre unha zona en misión de detección de lumes, e no seu caso inicia e participa na extinción.

Peón conductor de defensa contra incendios forestais: persoal que realiza labores que esixen predominantemente esforzo físico, vinculadas as funcións de defensa contra incendios, e que conduce vehículos dedicados ó transporte das cuadrillas e materias do servizo.

o **Peón de defensa contra incendios forestais:** persoal que realiza labores que esixen predominantemente esforzo físico, vinculadas as funcións de defensa contra incendios.

o **PEMU:** Plan de Emerxencias Municipal

o **PLATERGA :** Plan Territorial de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia.

o **PMA :** Posto de Mando Avanzado. Posto de dirección técnica das accións de control e seguimento da emerxencia.

o **Posto Fixo de Vixilancia:** torre de observación activada cun vixía.

o **Posto de Mando Avanzado:** posto de dirección técnica das labores de control e extinción dun incendio, situado nas proximidades deste.

o **Queimas controladas** : queima de matogueira para o control de combustible vexetal, levadas a cabo con criterios de idoneidade técnica para o seu efectivo control.

o **Queima de matogueira**: lume forestal no que só se queima superficie rasa, e esta é maior de 1 ha (ver esquema o final do capítulo).

o **Rede de Observación e Detección**: a formada polos Postos Fixos de vigilancia e as patrullas móbiles.

o **Rede de Transmisións** : composta pola rede de radio e a rede de ordenadores e fax que permite o enlace entre os Centros de Coordinación, Bases, Postos Fixos e Móbiles de vixilancia, cuadrillas e vehículos motobomba e, en xeral, de canto elemento intervén na defensa contra incendios como avións, helicópteros, etc.

o **Risco de incendio** : probabilidade de que se produza un lume nunha zona en un intervalo de tempo determinado.

o **SACOP** : Sala de Coordinación de Operativos.

o **S.D.C.I.F.:** Servicio de Defensa Contra Incendios Forestais da Xunta de Galicia.

o **Técnico de defensa contra incendios forestais**: persoal que estando en posesión da correspondente titulación, realiza as funcións inherentes á mesma.

o **Técnico de garda**: persoa asignada para dirixir as accións de extinción no seu ámbito territorial cando se establezan gardas e quendas, coa obriga de informar ó Xefe da Garda das novidades habidas.

o **Técnico superior de defensa contra incendios forestais**: persoal que estando en posesión da correspondente titulación, expedida por unha escola técnica superior, desenvolve as funcións propias da mesma nunha praza que require coñecementos técnicos especializados.

o **Terreo Forestal** : Aquel no que vexetan especies arbóreas, arbustivas, de matorral ou herbáceas, espontaneamente ou procedentes de sementa ou plantación, sempre que non sexan características do cultivo agrícola ou obxecto do mesmo.

o **Vehículo motobomba**: vehículo todo terreo equipado con cisterna e bomba de auga. Actúa mediante auga ou auga con retardante a presión.

Vixiante fixo de defensa contra incendios forestais: persoal que se ocupa da vixilancia de incendios, desde puntos fixos predeterminados.

o **Vixiante móbil de defensa contra incendios forestais**: persoal que se ocupa da vixilancia de incendios utilizando os medios de desprazamento postos a súa disposición e que realiza labores, que esixen predominantemente esforzo físico, vinculadas as funcións de defensa contra incendios.

o **Vulnerabilidade** : Grado de perdas ou danos que poden sufrir ante un incendio forestal, a poboación, os bens ou o medio ambiente.

o **Xefe de cuadrilla de defensa contra incendios forestais**: persoal con coñecementos completos dos traballos e obras a realizar , que ten o seu cargo de modo persoal e directo a vixilancia e execución das tarefas de prevención e extinción de incendios forestais.

o **Xefe da Garda**: é o máximo responsable da dirección e coordinación da loita contra incendios forestais no seu ámbito territorial cando se establecen gardas nos centros de coordinación.

o **Zonas de alto risco de incendio (ZAR)**: Áreas nas que a frecuencia ou a virulencia dos incendios forestais e a importancia dos valores ameazados fan que sexa necesario establecer medidas especiais de protección contra os incendios e que así sexan declaradas pola correspondente comunidade autónoma, de acordo coa Lei 43/2003, do 21 de novembro, modificada pola Lei 10/2006, do 28 de abril.

IV. DESCRICIÓN TERRITORIAL DA COMARCA XEOFORRESTAL

A situación de Galicia, no extremo noroeste da península ibérica, rodeada de mar nas tres cuartas partes do seu contorno e limitada no resto por sistemas montañosos con elevacións en xeral superiores ós 1.200 m fan que en Galicia a gama de formas do seu relevo sexa moi ampla.

A descontinuidade da paisaxe topográfica galega, que manifesta o seu rico pasado xeolóxico, a diversidade de climas e estacións, a variabilidade litolóxica e edáfica ou a heteroxeneidade de usos e costumes, dificultan enormemente a análise global dos factores físicos determinantes do ecosistema forestal galego.

Polo tanto, resulta obrigado buscar unidades de análise con certo grado de homoxeneidade, que permitan aproximarse á realidade e, unha vez examinadas, percibir unha visión de conxunto.

En función de parámetros xeográficos, establecéronse sete comarcas xeoforestais para todo o territorio galego. Cinco delas, Costa Norte, Costa Atlántica, Meseta Central, Montaña Nororiental e interior sur, pertencen á rexión Eurosiberiana e as dúas restantes, vales interiores e Montaña Suroriental, á rexión corolóxica Mediterránea.

Segundo a Revisión e Actualización do Plan Especial de Protección Civil ante Emerxencias por Incendios Forestais na Comunidade Autónoma de Galicia (Resolución de 26 de xuño de 2001 publicada no DOG de 23 de agosto de 2001), o Concello de Avión pertence ó Distrito forestal XI.

DISTRITO FORESTAL XI: Ribeiro-Arenteiro

PROVINCIA DE OURENSE

Distrito Forestal XI. O Ribeiro - Arenteiro:

Estrada O Carballiño-A Cea, km. 4 32500-
Seoane-O Carballiño Teléfono: 988 274 436
Fax: 988 530 213

• **Demarcación do Ribeiro:** concellos da Arnoia, Avión, Beade, Carballeda de Avia, Castrelo de Miño, Cenlle, Cortegada, Leiro, Melón e Ribadavia.



A situación do concello de Avión, fai que as súas características xeoforestais queden a camiño entre tres rexións xeoforestais nas que a administración da Xunta de Galicia define o noso territorio.

Podemos decir que ten rasgos da **comarca xeoforestal da Meseta central**, pois o concello atópase na parte oriental da Dorsal Galega, rasgo especialmente definitorio dende o punto de vista climático desta área e que se emprega como límite da Galicia interior e a costeira. A Dorsal Galega polo occidente e as serras septentrionales polo norte son obstáculos ós ventos mariños incrementando ós índices de continentalidade, a medida que avanzamos cara u oeste do concello. Nas cercanías da Serra do Suído as precipitacións son elevadas superando os 1300mm.

Ten rasgos da comarca **xeoforestal sur-interior**, gracias ás influencias que introduce o Miño que discorre polos veciños concellos de Melon, Rivadavia, Cenlle,... e a súa latitude (no sur do país); a amplitude do val deste río non permite trazar unha línea pura (que neste caso se marca na marxen esquerda do río) das influencias climáticas e bioxográficas que éste introduce, especialmente porque ó sur do concello a escasa relevancia das formas do relevo así o permiten..., o cal se pode apreciar nos rasgos de carácter mediterraneo que presenta o concello, o cal permite cultivos tan representativos desta zona como a vide.

E posue certas características da **comarca xeoforestal vales interiores**, que como ven se indica ten o seu límite occidental no embalse de de Castrelo de Miño, situado nos términos de Rivadavia, entre outros dos concellos cercanos, e que se situán nas proximidades do concello de Avion, polo sur.

Na maior parte da comarca as temperaturas medias anuais están comprendidas entre 8° e 12° C con amplitudes térmicas entre 12° e 14° que determinan para esta latitude un índice de continentalidade entre 10 e 15, zona de transición entre os climas oceánicos e os continentais. As precipitacións varían entre os 800 mm das depresions e os 1.800 dos puntos máis chuviosos.

En canto á vexetación as especies de tipo mediterraneo conviven con outras mais afines a xeneralidade do territorio galego. Entre as primeiras, alcornoques, encinas, madroños e jara (o tomillo en torno a Castrelo se ha reducido sensiblemente a consecuencia do Embalse. A presenza do Chopo ou Alamo nas ribirias dos rios é sinal do caracter mediterraneo. Acompañan freixos, atopándose asi mesmo bidueiros. As

outras especies, son as uces bermellas e brancas e toxos, no monte baixo, e as xestas no alto; todo elo nos brezais. Os bosques xenuinos son escasos e estan en recesion pola accion do home. Hai algunha carballeira, nas que dominan como su nome indica o carballo (Carballo Cerquiño), ainda que tamen hai castaños. Pero sen dubida o avance do pino do pais (pinus pinaster Aiton) e insigne (pinus radiata D. Don), nas alturas inferiores os 500 m é moi superior.

Para os habitantes destas terras, acostumbrados a vivir entre os 50 e os 200 m de altutide cun cultivo rico e intenso de viña e de horta, "a montaña" é "toda terra que comenza no beizo do val e se estende ondulada e aberta os 400 m." (Otero), con cultivos cerealisticos "o pan, severo e parco". Trátase dun releve extenso e ondulado no que as costas e vertentes dos vales aparecen intensamente cultivados e poboados, ofrecendo matices: Son todas terras nas que se recollen os dones de Baco e Ceres, é dicir, viño e pan, na afortunada frase de Otero, zona á que se lle da o nome de: Bocarribeiras.

Extensión Agraria

No último informe de Extensión Agraria de Galicia, indica que no Municipio de Avión existen un total de 10.835 hectáreas de superficie de monte, das cales 1.992 están en produción.

O Pino é o máis abundante, cun total de 1.426 hectáreas, seguido polo carballo con 423, cifra de certa importancia. O eucalipto solo ocupa 14 hectáreas e o resto, 129 corresponden a outras especies.

O total de monte veciñal privado é de 6.643 hectáreas que se corresponden cun total de 9 montes.

A agricultura no chega ó 6,5% do total (650 hectáreas). O total de Pastizais é de 700 hectáreas

Montes Veciñais en man común do municipio de Avion.

Nome do monte comunal	Comunidade	Superficie (has)	Data clasificación
Abelenda	Abelenda	1233	30/03/1977
Monte Uxo	Parroquia de Abelenda (Santa Mariña)		//
Amiudal	Parroquia de Amiudal (Santiago)	997	30/03/1977
Fontao e Coto de Uxo	Parroquia de Amiudal (Santiago)	512	04/07/1968
Comunal de San Xusto	Parroquia de Avión (Santos Xusto e Pastor)	640	07/05/1973
Foral de Rubillón	Rubillón	145	16/10/1974
Rañadoiro	Liñares	32	27/10/1976
Foral de Acebedo	Acebedo	110	16/10/1974
Comunal de Barroso	Barroso	521	27/10/1976
Cmvmc de Vilar	Vilar	370,92	27/10/1976
Cmvmc de Cortegazas	Cortegazas	229,64	27/10/1976
Comunal de Córcores	Parroquia de Córcores (Santa Mariña)	635	30/11/1976
Comunal de Couso	Edreira, Vilariño, Taboazas e Couso	1136	30/03/1977
Comunal de Nieva	Parroquia de Nieva (Santa María)	910	27/10/1976

V. ASPECTOS CLIMATOLÓXICOS

Considerando os parámetros climáticos, en Galicia pódense encontrar diferentes tipoloxías de clima, podendo clasificarse en:

- Oceánico hiperhúmido.
- Oceánico húmido.
- Oceánico- húmido con forte tendencia á aridez estival.
- Oceánico continental.
- Oceánico mediterráneo.

O concello de Avión como xa indicamos nas rexións xeofestais, presenta rasgos comúns a diferentes grupos climáticos, que indicamos a continuación:

Oceánico-húmido con forte tendencia á aridez estival, oceánico continental e oceánico mediterráneo:

No primeiro dos casos englobábase as comarcas das Rías Baixas e tramo inferior do Miño, no segundo dos casos encuadrámos as áreas interiores, e no terceiro corresponde ás áreas do sur con tendenza a mediterraneización. Localizacións todas elas que podemos encadrar no concello de Avión.

O primeiro dos dominios caracterizado por temperaturas máis altas, precipitacións máis estacionais e torrenciais, e unha oscilación térmica relativamente maior podémolo localizar na franxa este do concello, nas proximidades da serra do Suído á que aínda chegan certas influencias marítimas. As temperaturas medias rondan os 15 grados e as precipitacións, concentradas especialmente en outono-inverno, acercanse ós 1.500 mm anuais e son relativamente abundantes no verán.

O carácter Oceánico continental obsérvase na franxa interior do concello, se ben a medida que se avanza cara ó sur, a continentalización vai deixando paso á mediterraneización), como xa mencionamos. As temperaturas medias son de 12° a 14° con oscilación térmica de 13° a 15°, invernos fríos con

abundancia de xeadas e un verán quente. As precipitacións son próximas os 900 mm.

Asimesmo, nas terras surorientales, a súa situación (relevo de menores altudes e preto do embalse de Albarellos), orixina unha forte mediterraneanización. As temperaturas son altas, cunha media anual superior os 14° fruto dunha oscilación térmica cerca dos 15°, cuns meses invernales moi fríos; no verán, quentes. As precipitacións son as máis baixas do país e sitúanse entre 700-800 mm anuais, cunha concentración forte no outono-inverno e unha gran escasez de chuvias durante el o verán.

As inversións térmicas tamén aquí son frecuentes, con consiguiente aumento das xeadas e de neboas; estas tamén sufriron un aumento considerable co embalsamento do Miño nos últimos anos. Consecuencia de todo isto é a forte aridez a partir do mes de abril; o déficit de precipitacións acumulado sobrepasa os 450 mm no mes de setembro.

En resumo:

As temperaturas medias son elevadas (media anual 14 g.c.), invernos fríos e veráns moi cálidos (aridez estival), cunha oscilación que supera os 15 g.c. No que respecta as precipitacións son máis baixas (800 mm - 900 mm), cun mínimo moi acusado en verán e un máximo en inverno, e precipitacións relativamente pouco importantes nas outras estacións. O número de días de chuvia (110) e de horas de sol (2500), cotas menor e máis elevada respectivamente de Galicia, son outras características significativas. Por outro lado, neboas e xeadas son frecuentes como consecuencia dun fenómeno de inversión térmica, aspecto de suma importancia en toda a zona vitícola.

VI. ÁREAS DE ESPECIAL PROTECCIÓN

Pode decirse que Galicia, en vista do seu réxime de temperaturas e precipitacións, é un país de bosques, cunha ampla superficie de espazos naturais a protexer. Segundo a administración galega considéranse zonas de interese ecolóxico:

Serra do Suído (O Covelo).

Serra do Suído (A Lama y Fornelos de Montes). E estase a considerar a formar parte deste espazo protexido a parte ourensana da serra do Suído do que forma parte o concello de Avión.

Con relación aos espazos da Dorsal Galega atopámonos coa curiosa circunstancia de que a Serra do Suído é na actualidade a única Serra da Dorsal Galega que representa o mellor estado de conservación dos hábitats propios de cumes e ladeiras e que son característicos da media montaña propia de Galicia. E isto débese precisamente por ser o último grande espazo da Dorsal en ser ocupado por instalacións eólicas. Ser o único grande espazo da Dorsal Galega que non foi incluído na Rede Natura 2000, a pesar de considerarse por multitude de especialistas e informes internos da anterior administración galega coma unha das áreas máis idóneas da Dorsal Galega para ser incluída na Rede Natura 2000. E que só os intereses especulativos relacionados, entre outros, con futuras solicitudes de permisos de canteiras de granito e desenvolvemento de parques eólicos, levou a que de xeito premeditado a anterior Consellería de Medio Ambiente obviara a súa inclusión na Rede Natura 2000.

Serra do Suído:

Patrimonio Natural na provincia de Pontevedra, está situada nos límites da provincia de Ourense e Pontevedra e abarca principalmente parte dos municipios de Avión e Beariz en Ourense, e os de Lama, Fornelos de Montes e Covelo en Pontevedra. Sua extensión é duns 200 km² aproximadamente, das que a maioría pertencen a provincia de Pontevedra.

Os datos máis destacables deste "espacio natural", son que está composto de serra de perfil erosionado, destacando pola sua riqueza cinexética. A beleza das suas vistas panorámicas e núcleos de vexetación

autóctona, son outras das causas que aconsellan sua protección.

A Serra do Suído acada cotas de 1000 metros sobre o nivel do mar, no municipio de Avión encontráanse alturas de 1053 e 1.043, nas denominadas Laxa dos números e en Pena de Rairiz, respectivamente.

O Suído é nai de moitos ríos, o máis destacable destes é o Avia, principal afluente do Miño. Por outra vertente destacan o río Verdugo, o Cubeta ou

Folgozo, que terminan todos en augas do Atlántico.

O río Avia o seu paso por Avión da forma coa súas augas ó embalse de Albarelos.

Noutro orden de cousas unha mostra da arquitectura do medievo son os Chozos do Suído. O chouzo é unha construción en pedra de neis que daba cobijo os pastores para coidar do gando o longo do ano. Agora, que se recuperaron pola Escuela-taller Obradoiro do Concello de Avión, serven como mostra dunha arquitectura singular e permítenos coñecer a vida en épocas pasadas nesta zona.

Poderíamos dicir que a importancia da conservación da serra ven dada polo seguinte:

-A serra do Suído é un dos principais espazos de media montaña da xeografía galega, cuns valores naturais e patrimoniais excepcionais, nun aceptable estado de conservación. Boa parte desta riqueza ecolóxica é resultado dos aproveitamentos agrogandeiros tradicionais de montaña, sendo esta área un dos poucos exemplos que representan con maior pureza os elementos derivados desta transformación,

polo que resulta inexplicable a súa exclusión da proposta da Xunta de Galicia para formar parte da Rede Natura.

-A serra do Suído é unha das principais áreas para as aves rapaces de Galicia, ao destacar as boas características que reúnen os seus hábitats para estas especies. A cria de bufo real, a existencia dunha colonia de rapiña cincenta e a presenza de aguia ral, aguia albeta, voitre leonado, gatafornela, falcón peregrino, falcón pequeno, miñato abelleiro, azor e gabián (especies de interese comunitario), avalan a importancia deste territorio.

- Tamén destacamos a existencia na serra, dunha das mellares poboacións de lobo ibérico da península, sendo esta área a de maior densidade, coa presenza de cinco núcleos familiares.

Zonas de interés:

Mirador da Fervenza da Feixa Avión

Provincia: Ourense | Comarca: O Ribeiro | Municipio: **Avión** | C.P.: 32435 |
Pobo de Boeixos | parroquia de Abelenda

Mirador do que se contempla o alto de Avia e o embalse de Albarelos co extenso macizo dos Montes do Testeiro. Dende o mirador é posibel baixar a pe pola ladeira a través dos múltiples sendeiros que se estenden pola toda a zona. Predomina a vexetación de monte baixo, con toxos, retamais, brezais e grupos de arborado nas áreas máis baixas cercanas os cursos de auga. É unha zona montañosa coincidindo coas últimas estribacions da Serra do Faro de Avión, que a partir de aquí se desenvolve amplamente cara o sur, chegando a poucos quilómetros de aquí ós 1100 mts de altitude.

Mirador do Castro

Provincia: Ourense | Comarca: O Ribeiro | Municipio: **Avión** Parroquia: Santos Xusto e Pastor de Avión | Lugar: San Vicenzo | C.P.: 32435

Situado no Coto do Castro, é unha das maiores elevacions das que rodean o embalse de Albarelos no municipio de Avión. Importancia histórica e arqueológica debido á existencia no pasado dun castro prerromano do que apenas se conservan restos e no que algúns estudiosos señalan a presenza dun foso, un contrafoso e parapetos de pedras miudas e terra. O máis destacable é a hermosa perspectiva que se pode apreciar dende o alto, o amplo val do río Avia onde se sitúan algúns núcleos poboados, as montañas que o rodean e ó fondo o embalse de Albarelos.

VII. ANÁLISE DO RISCO, VULNERABILIDADE E ZONIFICACIÓN

RISCO DE INCENDIO

O risco de lume ven dado polo número de lumes por comarca e trimestre calculados como promedio dos últimos anos. A partir deste dato estímase o número máximo de lumes diario no trimestre, que pode consierarse como o día de máximo risco, dado que a distribución diaria de lumes non é uniforme.

CLASIFICACIÓN DOS INCENDIOS

esquema de lume forestal.



SAQ: superficie arborada queimada SRQ: superficie rasa queimada

ANÁLISE DO RISCO E CLASIFICACIÓN

O risco de incendios forestais defínese como a probabilidade de que se produza un incendio nunha zona determinada. O índice de risco calcúlase en base a tres índices:

- Índice de frecuencia
- Índice de causalidade
- Perigosidade do combustible forestal (segundo características e estado) O cálculo dos índices diarios de perigosidade é competencia do S.D.C.I.F.

Defínense tres épocas segundo o perigo potencial de incendios forestais:

- Época de perigo alto. Meses de xullo, agosto e setembro, nos que se aplicarán medidas restrictivas no uso de lume nas zonas agrícolas e forestais.
- Época de perigo medio. Meses de marzo, abril, xuño e outubro. Os medios de detección e extinción permaneceran en alerta aínda que o despregamento será máis reducido. Aplicaranse medidas limitativas no uso do lume en tarefas agrícolas e forestais.
- Época de perigo baixo. Xaneiro, febreiro, novembro e decembro. O despregamento será o adecuado conforme ó nivel de risco.

Estas épocas de perigo poderán ser modificadas en función das circunstancias meteorolóxicas que inflúen sobre o combustible forestal. Declarado un incendio forestal a dirección da emerxencia corresponderá á persoa ou comité creado ó efecto, segundo o nivel de gravidade da situación e tendo en conta os seguintes niveis:

- Nivel 0:

Incendios forestais que poden ser controlados cos medios do concello previstos neste plan.

- Nivel 1:

Incendios forestais que podendo ser controlados cos medios do concello previstos neste plan representan un ameaza para as persoas (excepto membros das brigadas de extinción) ou os bens distintos dos de carácter forestal.

- Nivel 2:

Incendios forestais nos que se prevea a necesidade de que sexan necesarios medios non previstos neste plan ou comporten situacións de emerxencia que deriven cara o interese nacional. Para a declaración de Nivel 2 considéranse dúas situacións:

-2. R-0. (Relacionado co Nivel 0) Cando no Nivel 0 aínda que se necesiten medios non previstos no Plan, so estean en perigo bens forestais, polo que se pasaría directamente do Nivel 0 ó Nivel 2.

-2. R-1. (Relacionado co Nivel 1) Cando estando no Nivel 1 sexan necesarios medios non previstos no Plan.

- Nivel 3:

Incendios nos que o Ministerio do Interior declare que se atopa en xogo o interese nacional.



VULNERABILIDADE

ELEMENTOS VULNERABLES

Os elementos vulnerables considerados son persoas e bens tanto de natureza forestal como calquera outra.

Os valores xenéricos que hai que protexer son:

- Valores de protección para o risco das vidas.
- Valores de protección de instalacións e de zonas habitadas. — Valores económicos.
- Valores de protección contra a erosión do solo. — Valores de singularidade ecolóxica.
- Valores paisaxísticos.
- Valores do patrimonio histórico-artístico.

Para calcula -la vulnerabilidade, dáse un valor a cada elemento vulnerables, sendo prioritario o risco para a vida, zonas habitadas, valor ecolóxico e patrimoniais.

ZONIFICACIÓN

Zonificación do Territorio en Distritos Ambientais


A partir da Resolución do 27 de decembro, publicada no D.O.G. nº 250 de 29 de decembro de 1999, a zonificación do territorio a efectos da defensa contra incendios forestais pasa a ser de: Provincias, Distritos forestais, Demarcacións forestais e Concellos.

A efectos de defensa contra incendios forestais o Concello de Avion encádrase na Provincia de Ourense, Distrito Ambiental XI. O Ribeiro. Demarcación do Ribeiro- Arenteiro.

Abarca os Concellos da Arnoia, Avión, Beade, Carballeda de Avia, Castrelo de Miño, Cenlle, Cortegada, Leiro, Melón e Ribadavia.

DISTRIBUCIÓN POR DISTRITOS FORESTAIS E PROVINCIAS

A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
Distrito I	Ferrol	Distrito VI	A Mariña - Lucense	Distrito XI	O Ribeiro-Arenteiro	Distrito XVI	Deza - Tabeirós
Distrito II	Bergantiños-M.Coruñesas	Distrito VII	Fonsagrada-Os Ancares	Distrito XII	Miño - A Amoia	Distrito XVII	O Condado-A Paradanta
Distrito III	Santiago - Meseta Interior	Distrito VIII	Terra de Lemos	Distrito XIII	Valdeorras - Trives	Distrito XVIII	Vigo - Baixo Miño
Distrito IV	Barbanza	Distrito IX	Lugo - Sarria	Distrito XIV	Verín - Viana	Distrito XIX	Caldas - O Salnés
Distrito V	Fisterra	Distrito X	Terra Chá	Distrito XV	A Limia		



A superficie forestal de especial risco ocupa **1.422.161,10 ha**, que representa un **69,73%** do total da superficie forestal galega e un 48,09% do total da superficie da Comunidade Autónoma de Galiza.

Distribución superficial das ZAR
O Ribeiro-Arenteiro: 57249.70

ZONIFICACIÓN TERRITORIAL EN DISTRITOS AMBIENTAIS

Dentro do Concello a zonificación que imos establecer é a seguinte:

Areas de risco forestal:

-Prácticamente todo o Concello

Areas de risco para a poboación:


Son os núcleos de poboación, zonas industriais, estradas (pola posibilidade de accidentes), e en xeral tódalas zonas nas que o incendio poda representar un perigo para as persoas (distintas do persoal de extinción) e os seus bens (distintos dos de natureza forestal).

En xeral considerarase que un incendio representa un perigo para a poboación cando se atope a menos de 300 metros dos lugares citados. As áreas de risco que se definiron para este PAM de incendios, están avaladas pola posibilidade de afectación nun caso de incendio. Por orde de importancia e de forma decrecente están:

<i>Posibles zonas afectadas</i>	<i>Nº de efectivos</i>
Avion	345
Abelenda	369
Beresmo	245
Barroso	184
Liñares	183
Mouriscados	104
Robillon	94
Oroso	91
San Vicente	89
Rodeiro	81


VIII. DIRECCIÓN DO PAM PARA A LOITA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS

A dirección do Plan será diferente segundo o nivel de emerxencia.



IX. ESQUEMA DE DETECCIÓN E APROXIMACIÓN DOS MEDIOS

Preséntase o esquema de detección e aproximación dos medios a un lume forestal.



X. OPERATIVIDADE

NIVEL 0

A operatividade neste nivel é competencia da Consellería do Medio Rural a través da Dirección Xeral de Montes (mediante o S.D.C.I.F). O director do Plan no Nivel 0 é o representante deste organismo no Distrito Forestal XI (O Ribeiro-Arenteiro)

Neste Nivel o CECOPAL constituirase nas dependencias do S.D.C.I.F. ou onde oportunamente se determine. O CETRA, CIN e SACOP estarán situados na mesma dirección.

Cando non exista perigo para persoas alleas á extinción ou bens de natureza non forestal, non se require coordinación cos servizos de Emerxencias e Protección Civil do Concello de Avion, agás para petición de apoio loxístico.

A petición de apoio de Protección Civil farase pola Xefatura ou Centro de Coordinación Provincial do S.D.C.I.F., segundo a Época de Perigo, ó Centro de Coordinación Operativo (CECOP) de Protección Civil emprazado no Centro112 Galicia.

NIVEL 1 e 2 R-1

Se o lume ten posibilidade, pola súa evolución, de pasar a constituír un risco para persoas ou bens de natureza non forestal, o Director de Extinción alertara ó Centro de Coordinación do Distrito, quen o poñerá en coñecemento da Xefatura ou Centro de Coordinación Provincial, que a súa vez o comunicara ó Xefe Provincial de Protección Civil a través do CECOP e ó Concello de Avion, alertando ó Xefe territorial Provincial da Consellería do Medio Rural e ó Xefe Territorial Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

No Nivel 1 e no Nivel 2-R1 constituirase un comité de dirección. O alcalde de Avión formara parte deste comité. A prioridade será a protección da vida e os bens das persoas, para o que se mobilizaran os medios catalogados no PEMU que sexan necesarios así como aqueles outros recollidos nos plans de ámbito superior ó municipal, a través do 112 Galicia.

NIVEL 2 R-0

Crearase un comité de dirección coordinado polo representante provincial da Consellería do Medio Rural e no que estarán representado o alcalde de Avion.

Terase informado en todo momento ó CECOP Galicia.

NIVEL 3

Cando a magnitude do sinistro afecte ó interese nacional a dirección da emerxencia estará a cargo de un Comité tal como se recolle no Plan Autonómico, no que o Alcalde de Avion formará parte do Comité Asesor.

XI. PREVENCIÓN E FORMACIÓN

Medidas preventivas:

O S.D.C.I.F. adoptará as medidas preventivas axeitadas segundo o seu propio plan.

Formación:

O persoal fixo do S.D.C.I.F. seguirá o seu propio programa de formación. No caso de que persoal do Concello de Avion se integre, de forma continua, neste Plan, recibirá a formación axeitada, xunto cós medios de protección persoal necesarios.

XII. DETECCIÓN E AVISO

O Distrito Forestal XI pertencente ó Servicio de Defensa Contra Incendios Forestais da Consellería do Medio Rural é o organismo que dispón da infraestrutura e os medios necesarios para a detección dos incendios forestais que se produzan no Concello de Avion, ademáis da observación directa dos mesmos.

A rede de detección estará operativa durante a época de perigo alto e cando as autoridades forestais o consideren necesario

O aviso de lumes pode chegar vía telefónica ó Distrito Forestal, ó 085, ou chamada ó número de emerxencias 112.

Se o aviso se recibe a través da Policía Local, Garda Civil, Protección Civil, ou outro grupo relacionado con emerxencia, estes derivarán a chamada ó 112 SOS Galicia ou ó 085. Unha vez recibida a comunicación, o Centro de Coordinación correspondente, alertará os medios necesarios que se dirixiran á zona de actuación. Chegados ó punto actuarán segundo o establecido segundo as súas Normas de Intervención.

SEGURIDADE CIDADANA

As forzas de seguridade incluídas no Plan, tomarán as medidas oportunas para o control de accesos e viales no caso de ser requiridas polo Director Técnico da Extinción e facilitarán o tráfico dos medios.

APOIO SANITARIO

Se fose necesario poder ser solicitado a travs do CECOP o apoio sanitario necesario para atender  persoal ou persoas que podan resultar afectadas polo lume, que actuarn con medios propios.

EVACUACIN E ALBERGUE

A evacuacin de zonas habitadas (cando sexa necesario) levarase a cabo segundo o previsto no PEMU contando cos recursos e medios do Catlogo e segundo o recollido no apartado especfico de Normas de Evacuacin que se expn no PEMU.

INFORMACIN  POBOACIN

De ser necesario a informacin a poboacin, canalizaranse a travs do CIN do PEMU ou do que en cada caso corresponda que fixar o horario de comparencias pblicas.

As informacins proporcionadas sern sinxelas, contrastadas e realizadas ante o maior nmero de representantes de medios de comunicacin.

No caso de ser varios os organismos intervinientes na Emerxencia empregarase, preferiblemente, a rolda de prensa e as informacins sern consensuadas con anterioridade.

INVESTIGACIN

Os incendios forestais provocados e os incendios por negligencia estn tipificados no vixente Cdigo Penal, Captulo II, Seccin 1^a, artigos 352 e seguintes.

A investigacin de incendios forestais e competencia das Autoridades Forestais e dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado que legalmente se determinen e podern iniciar unha investigacin de oficio ou a partir da denuncia presentada polo Director de Extincin, para esclarecer as causas do incendio.

O persoal de extincin debe colaborar nesta investigacin.

XIII. CATALOGO DE MEDIOS E RECURSOS

O Catálogo de Medios e Recursos asignado a este PAM é o mesmo que para o PEMU de Avion e, adicionalmente, contarase cos medios específicos do S.D.C.I.F. Distrito Forestal XI Apoiados polos medios aéreos e de reforzo existentes na zona que no seu momento solicite o Director de extinción dependendo da dispoñibilidade dos mesmos.

HISTÓRICO DE INCENDIOS NO CONCELLO DE AVIÓN

Os incendios forestais son o problema máis grave e de consecuencias máis negativas do sector forestal galego, cando este, é un dos piares básicos na creación e mantemento de emprego nas áreas rurais. Ata a década dos 90, Galicia con tan so o 7,6% da superficie forestal arborada do territorio nacional mantivo o 40% do número total de incendios e a terceira parte da superficie incendiada.

O Concello de Avión forma parte activa de este mundo forestal tan complexo existente en Galicia xogando un papel clave na súa vida social, cultural e económica.

O territorio de este concello viuse particularmente afectado pola pola vaga de lumes de 2005 e maiormente no verán de 2006, poñendo de manifesto a necesidade de potenciar a loita directa contra as causas que orixinan os lumes, así como todas as medidas de prevención necesarias para evitar a súa ocorrencia. A Orde do 18 de abril do 2007, pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal, declara ó Concello do Avión zona de alto risco (ZAR).

Nos últimos anos obsérvase unha nova tendencia incendiaria que tamén afecta de maneira importante xa que no ano 2016 incendiáronse mais de 400has neste concello polo que se debe extremar a alerta por incendios intencionados.

--

SITUACION DE MASAS FORESTAIS DO CONCELLO DE AVIÓN

A partir do Mapa Forestal de España determinouse a superficie ocupada polas distintas formacións forestais dominantes, así como a porcentaxe que representan con respecto á superficie total ocupada por sistemas forestais no concello.


FORMACIÓN FORESTAL	SUPERFICIE (ha)	%
<i>Pinus pinaster</i>	2538,13	21,07
<i>Quercus robur</i>	2849,29	23,66
<i>Quercus pyrenaica</i>	83,97	0,70
<i>Pinus sylvestris</i>	271,73	2,26
<i>Castanea sativa e outras frondosas</i>	23,49	0,20
<i>Uso Improductivo</i>	24,9	0,21
<i>Uso Agrícola</i>	730,34	6,06
Auga e Humedais	103,97	0,86
Mato con arborado ralo e disperso	596,14	4,95
Árbores de ribeira	8,63	0,07
Monte desarborado	4812,92	39,96

A elaboración do presente plan municipal ten como obxectivo xeral, planificar a nivel concello, as accións e obxectivos xa definidos no PLADIGA para a defensa contra os incendios forestais.

Para a consecución deste obxectivo xeral será necesario acadar unha serie de obxectivos específicos:


- Descrición da situación actual do concello (normativa existente, análise do risco de incendio, zonas de actuación e prioridades de defensa)
- Catálogo e descrición dos medios e recursos de prevención e defensa contra os incendios forestais así como do seu procedemento operativo en caso de emerxencia.
- Regulación de usos e aproveitamentos de risco.
- Programación de traballos e análise económica

A análise estatística dos incendios forestais acontecidos no concello para o período 2003-2008 elaborouse a partir dos datos facilitados pola Consellería do Medio Rural.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da consellería do medio rural

O Concello de Avión ten unha media anual no período de estudo de 30 incendios e unha media de superficie ardida de 21,88 ha. queimadas. Pero isto non é correlativo pois como se reflexa na seguinte gráfica os anos 2005 e 2006 foron especialmente importantes en canto á magnitude dos mesmos:



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da consellería do medio rural

IRDI- ÍNDICE DE RISCO DIARIO DE INCENDIO

O IRDI establece o risco diario de ocorrencia de incendio forestal e determínase en función de distintos factores (meteoroloxía, estado da vexetación, etc) que determinan a probabilidade de que se produza un incendio. Establécense cinco niveis:

Índice IRDI	Grado de perigo	Probabilidade de ignición	Cor
1	Baixo	1-32%	Azul
2	Moderado	32-56%	Verde
3	Alto	57-68%	Amarelo
4	Moi alto	69-80%	Laranxa
5	Extremo	> 81%	Vermello

O índice reflectirase de libre acceso e diariamente nunha aplicación SIX na Web da Consellería do Medio Rural.

O IRDI constitúe unha ferramenta de planificación que se empregará para prever as épocas de perigo máis probables, determinar as zonas de perigo, tomar decisións sobre o grao de alerta dos medios e posibilidade ou non de empregar o lume para a eliminación de restos ou outros traballos.

Códigos de alerta preventiva en función do IRDI:

A aplicación IRDI permite establecer un prognóstico a 10 días. Esta marxe de tolerancia permite anticipar medidas preventivas e pre-posicionamento de medios con antelación suficiente. Con esta base definíronse catro códigos de alerta preventiva.

Cada código implica un conxunto actividades preventivas que permanecerán activadas mentres persistan as condicións IRDI que o determinaron.

As accións de cada un destes códigos de prealerta son acumulativas o que implica que a declaración dun código leva aparelladas as accións dos códigos de nivel inferior.

Cada código de prealerta determínase de maneira automática en función do IRDI coa seguinte correspondencia :

IRDI	CÓDIGO ALERTA PREVENTIVA
1-2	CERO
3	UN
4	DOUS
5	TRES

No cadro que se xunta establécense as accións principais, que poderán ser completadas con determinacións concretas do Centro de Coordinación de Distrito, Centro de Coordinación Provincial ou Centro Coordinación Central.

CÓDIGO	IRDI	ACCIÓN	UNIDADE RESPONSABLE
CERO	1-2	Ordinarias e identificación das persoas que circulen polo monte	Axentes e CCD
UN	3	Os axentes forestais do distrito desprazaranse prioritariamente a esas áreas para supervisar o cumprimento do previsto no artigo 31.2.b) da Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza	Axentes e CCD
		Activaranse, de ser o caso, os puntos de vixilancia fixa	CCD-CCP
		Mobilizaranse grupos de voluntarios para vixilancia preventiva	CCP
		Estableceranse itinerarios de prioridade para as patrullas de vixilancia móbil e resto de brigadas	CCD
		Realizaranse labores preventivos que permitan unha rápida saída ao lume (a pe de pista e con ferramentas de rápida recollida)	CCD
DOUS	4	Asignaráselle aos axentes forestais subzonas de responsabilidade. Estes axentes forestais poderán proceder a identificar a aquelas persoas que circulen polo monte, aplicando o previsto nos artigos 31.2.a) e 31.3 da Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza. Se non puideran identificar a persoa, tomarán nota da matrícula do vehículo e demais datos que permitan identificalas persoas	CCD
		Realizarán vixilancia activa, en puntos de boa visibilidade estratexicamente localizados polo CCD	CCD
		Comunicación aos concellos afectados	CCD-CCP-CCC

CÓDIGO	IRDI	ACCIÓN	UNIDADE RESPONSABLE
		Comunicación para intensificación de vixilancia e controis á Garda Civil, Policía Autónoma e CNP	CCP-CCC
		Comunicación á Protección Civil para activación de protocolos	CCC
TRES	5	Opción de desprazamento previo de medios terrestres e aéreos propios extraordinarios ás zonas de alerta	CCC
		Opción de solicitude de apoio das FFAA e preposicionamento da UME	CCC
		Opción de solicitude de reforzos á <i>Dirección General para la Biodiversidad (DGB)</i>	CCC

Nota.- CCD = Centro Coordinación de Distrito; CCP= Centro Coordinación Provincial; CCC=Centro Coordinación Central

FONTE: PLADIGA 2009

Zonificación do territorio

Segundo ó disposto no artigo 11 da lei 3/2007, con base nos criterios da información histórica e dos datos estatísticos sobre a ocorrencia de incendios forestais, vulnerabilidade poboacional, ameazas ós ecosistemas forestais e protección do solo fronte á erosión, clasifícase o territorio tendo en conta o risco espacial de incendio forestal en Galicia en zonas de baixo, medio e alto risco de incendio forestal.

No Anexo I da Orde do 18 de abril de 2007 publicada no DOG do 24 de abril, o Concello de Avión figura como ZONA DE ALTO RISCO (ZAR). A identificación e delimitación destas zonas, reflectiuse no PLADIGA e no Plan de Prevención e defensa contra os incendios forestais de distrito.

A partires do “Risco de incendio” clasifícanse as parroquias do concello en catro categorías segundo prioridades de actuación (Moi alta, Alta, Media e Baixa). Os criterios de clasificación son os seguintes:

CATEGORÍA	CRITERIO
Prioridade de Actuación Moi Alta	Percentil 98% do número de incendios
Prioridade de Actuación Alta	Parroquia de especial vixilancia en 2007
	Media anual de incendios ≥ 10 Media anual de incendios \geq a catro veces a media do distrito
Prioridade de Actuación Media	Media anual de incendios \geq a media do distrito
Prioridade de Actuación Baixa	Media anual de incendios $<$ a media do distrito

A táboa seguinte amosa as parroquias do concello coa súa correspondente prioridade.

PARROQUIA	PRIORIDADE DE ACTUACIÓN
Abelenda (Santa Mariña)	Media
Amiudal (Santiago)	Media
Avión (San Xusto e Pastor)	Alta
Baíste (Santa María)	Baixa
Barroso (Santa Baia)	Baixa
Cortegazas (Santo Antonio)	Baixa
Córcores (Santa Mariña)	Moi Alta
Couso (Santa María)	Moi Alta
Nieva (Santa María)	Alta

ZONAS DE ACTUACIÓN, EN BASE ÁS COMPETENCIAS MUNICIPAIS

En base ó disposto no artigo 20 da Lei 3/2007, a xestión da biomasa existente nos terreos forestais e nas zonas de influencia forestal realízase a través de faixas e de parcelas, situadas en lugares estratéxicos, onde se procede á modificación ou á remoción total ou parcial da biomasa presente. Estas faixas de xestión de biomasa constitúen redes primarias, secundarias e terciarias.

Redes secundarias de faixas de xestión da biomasa

As redes secundarias de faixas de xestión de biomasa teñen ámbito municipal ou inframunicipal, e cumpren as seguintes funcións:

a) Función de redución dos efectos da propagación de incendios forestais, protexendo de forma pasiva vías de comunicación, infraestruturas e equipamentos sociais, zonas edificadas e áreas forestais e naturais de valor especial.

b) Función de illamento de potenciais focos de ignición de incendios forestais. Teñen un ámbito municipal ou inframunicipal, contémplanse no ámbito da protección de poboacións e infraestruturas.

Localízanse sobre:

a) As infraestruturas viarias e ferroviarias públicas.

b) As liñas de transporte e distribución de enerxía eléctrica.

c) As áreas de especial protección dos núcleos poboacionais, ademais de todas as edificacións, os cámpings, as infraestruturas e áreas recreativas, os parques e polígonos industriais, as plataformas loxísticas e os depósitos de lixo, así como calquera outra susceptible de ser protexida.

A superficie aproximada que constitúe a Rede Secundaria de faixas de xestión de biomasa do Concello de Avión, amósase na seguinte táboa:

REDE SECUNDARIA DE FAIXAS DE XESTIÓN DE BIOMASA			
TIPO			SUPERFICIE (ha)
NÚCLEOS E EDIFICACIÓNS	50 metros		360,01
	100 metros		404,48
REDE ELÉCTRICA	Media tensión		45,92
REDE VIARIA	Autonómica		36,32
	Outras		59,26
	Camiños		189,33
	Sendas		37,34
	Total		322,25
SITUACIONS DE RISCO	Áreas recreativas	50 metros	3,90
	Gasolineira	50 metros	0,78
	Parque empresarial	50 metros	7,60
	Total		12,28
TOTAL			1.144,94

A relación de parcelas que rodean os núcleos de poboación que se vexan afectadas pola aplicación da *Lei 3/2007*, non se adxunta neste plan de prevención, posto que a propiedade é variable. Será o concello, no momento en que se requira, o que estudiará a propiedade das mesmas a través dos datos catastrais dos que dispoña.

Redes terciarias de faixas de xestión da biomasa

As redes terciarias de faixas de xestión de biomasa, en base ó disposto no artigo 20.5 da lei 3/2007, teñen como obxectivo principal o illamento de potenciais focos de ignición de incendios forestais.

A figura máis representativa das redes terciarias son as devasas. Son 309,11 Km a lonxitude da Rede terciaria no concello de Avión, formados pola suma dos cortalumes e cursos fluviais, principalmente. Consideramos como rede terciaria ós freos dos focos de ignición que non están integrados dentro da rede secundaria e primeira de xestión de biomasa. Os cortalumes son as barreiras de freo artificial dos incendios, e ós cursos fluviais son o freo natural, xa que se forman áreas cortalumes naturais debido á vexetación de ribeira no seu entorno e as formacións de frondosas nas zonas máis húmidas.

MEDIOS MUNICIPAIS PARA A PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

O Concello de Avión conta con medios propios para a realización de tarefas de vixilancia, prevención e extinción de incendios forestais, servíndose dos medios do Servizo de defensa contra incendios forestais da Xunta de Galicia (Distrito XI), e da Deputación provincial.

RELACIÓN XERAL DE MEDIOS CONCELLO DE AVIÓN	
MAQUINARIA	
TIPO	Nº Unidades
Autobomba urbana lixeira 1200l	5
Vehículo todo terreo	3
RECURSOS HUMÁNS	
TIPO	Nº Unidades
GES	1
AVPC	1
BRIGADA DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS	1
VDMG	1
Brigada de servizos e obras	1
Enxeñeiro T. Forestal	1

As infraestructuras de vixilancia, que teñen como obxectivo a disuasión de posibles incendiarios así como a localización rápida do foco de ignición que leve a mellorar o tempo de reacción e a posta en marcha do primeiro ataque, o Concello de Avión dispón unicamente dos medios proporcionados polo Servizo de defensa contra incendios forestais da Xunta de Galicia correspondentes ó Distrito XI (Ribeiro-Arenteiro).

A detección dos incendios forestais tamén pode efectuarse calquera particular a partir do número telefónico 085 de aviso de incendios forestais e tamén o número 112, de emerxencias, do 062 de aviso a Garda Civil ou avisando a calquera membro do dispositivo de prevención e defensa contra incendios forestais da Xunta de Galicia e tamén calquera membro das forzas e corpos de seguridade do estado.

A superficie visible a través das infraestructuras de viviancia da administración logran sobre o concello e dun 90%, a continuación amosase a visibilidade por parroquias. As parroquias que teñen menos visibilidade son Córcores e Amiudal.

PARROQUIA	SUPERFICIE VISIBLE	% SUPERFICIE VISIBLE
Abelenda (Santa Mariña)	1891,42	99,21
Amiudal (Santiago)	939,91	77,78
Avión (San Xusto e Pastor)	1567,94	80,30
Baíste (Santa María)	1.108,13	100
Barroso (Santa Baia)	951,37	98,28
Cortegazas (Santo Antonio)	838,44	99,59
Córcores (Santa Mariña)	466,95	68,79
Couso (Santa María)	1.393,67	82,72
Nieva (Santa María)	1687,24	99,71

FONTE: Elaboración propia.

Programa de traballos

Recóllese na táboa adxunta unha estimación tanto das accións e unidades de obra susceptibles de actuacións anuais previstas e realizadas anualmente con medios municipais ou a través de convenios coa administración que abrangue o plan de prevención.

Actuacións municipais	Rozas e xestión de biomasa en vías, camiños e outros terreos de titularidade municipal
Período	Anual
Con tractor municipal	100 has
Con medios manuais BRIGADA DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS	10 has
Con medios manuais GES	40 has
Con medios manuais Persoal concello	5 has

Nas actuacións previstas sobre o territorio tomaranse as medidas apropiadas para evitar o deterioro ou a contaminación, tendo en conta que as repercusións sexan compatibles coa normativa de conservación existente en cada zona.

A avaliación e control das actuacións son realizadas pola consellería do medio rural a través do persoal funcionario encomendado.

COMO COMBATIR INCENDIOS FORESTAIS

Considerase que a mellor maneira de combatilos incendios é evitar que se produzan. Cada incendio, por pequeno que sexa, pon en perigo vidas humanas, obliganos a repartir os medios de extinción en caso de simultaneidade, non puidendo atender adecuadamente a algun delos, e orixinar un enorme gasto económico en cada saída. Polo que é imprescindible reducir ó máximo o número de incendios que se producen.

HABERÁ QUE TER EN CONTA A NORMATIVA REGULATORIA SOBRE AS ACTAUCIÓNS SOBRE A BIOMASA QUE SE ESTABLECE NA LEI 7/2012, DO 28 DE XUÑO DE, DE MONTES DE GALICIA E NO TEXTO CONSOLIDADO DA **Ley 3/2007, de 9 de abril, de prevención y defensa contra los incendios forestales de Galicia-Texto consolidado-**

Os incendios pódense evitar actuando directamente sobre as causas que os orixinan e sobre as circunstancias que favorecen a súa propagación.

Despois de investigar miles de incendios algunhas das principais sobre as que poden traballalos concellos:

- Urbanizacións e pobos ou edificacións en zonas forestales
- vías de comunicación
- áreas recreativas
- malos usos do lume

Regras básicas para agricultores e gandeiros:

- Solicitar permiso os axentes de medio ambiente e non queimes ata obterlo.
 - Informar con antelación ó 112 para dar inicio a queima.
 - Realizar un cortafogos coas medidas que che indiquen os agentes de medio ambiente
- Efectúala queima conxuntamente cos teus veciños.

- Vixilala queima con personal suficiente e equipado con palas e azadas para controlalo fogo en todo momento e, si é posible, con auga. Non abandones a vixilancia ata que quede totalmente extinguido.
- Empezala queima despois do amencer e acaba antes das 12 h. As mellores condicións para a queima son: día fresco, sen vento e despois de que chovera.
- Se o fogo se descontrola, pide axuda canto antes ó 112
- Vixilala queima con personal suficiente e equipado con palas e azadas para controlalo fogo en todo momento e, si é posible, con auga. Non abandones a vixilancia ata que quede totalmente extinguido.
- Empezala queima despois do amencer e acaba antes das 12 h. As mellores condicións para a queima son: día fresco, sen vento e despois de que chovera.
- Se o fogo se descontrola, pide axuda canto antes ó 112

¡NUNCA CREAS QUE TÍ SOLO PODES DOMINAR UN FOGO!

Recomendacions básicas as personas que se movan pola

montaña: Non lanza cabichas, mixtos, cristais, etc. E non fumar en

zonas forestais Non prender lume no bosque.

SITUAÇÕES DE RISCO

ESTACIONES METEOROLÓXICAS AUTOMÁTICAS

CONCELLO	PARROQUIA	NOME	X_UTM29	Y_UTM29
Avión	Amiudal	Amiudal	562796	4696309

ÁREAS RECREATIVAS

ID	PARROQUIA	NOME	X_UTM 29	Y_UTM 29
1,00	Barroso	Valderías	562.865,90	4.691.375,52
2,00	Cortegazas	Curro Faro de Avión	561.474,69	4.685.312,86
3,00	Amiudal	Amiudal	560.948,14	4.694.839,18
4,00	Abelenda	Mirador Mangoeiro	557.847,89	4.693.353,82
5,00	Abelenda	Área do Rodeiro	558.140,00	4.691.531,14

Fonte: elaboración propia

GASOLINEIRAS

ID	PARROQUIA	NOME	X_UTM 29	Y_UTM 29
1,00	Avión	Repsol - Avión	562.203,03	4.691.834,51

PROPOSTA DE PARQUE EMPRESARIAL

PARROQUIA	NOME	ÁREA	PERIMETRO	X_COORD	Y_COORD
Avión	Avión	88.711,80	1.585,27	561.176,30	4.691.812,25

NÚCLEOS RURAIS

PARROQUIA	LUGAR	X_COORD	Y_COORD	HECTAREAS	PERÍMETRO
Abelenda	Carixa, A	558.794,03	4.691.371,26	1,34	799,82
Abelenda	Mouriscados	558.540,03	4.693.875,41	4,19	1.742,30
Abelenda	Casardonabo	557.847,08	4.690.687,59	1,45	788,49
Abelenda	Rodeiro	557.789,07	4.691.001,19	4,00	1.901,95
Amiudal	Pordelapa	557.759,55	4.691.784,44	5,87	1.777,97
Amiudal	Acevedo	556.257,36	4.700.479,58	1,57	960,79
Avión	San Vicente	561.331,79	4.692.832,84	2,25	601,36
Avión	Sifón	561.054,15	4.692.249,36	6,23	1.573,20
Avión	Avión	562.020,41	4.691.807,33	24,46	4.817,16
Avión	Espiñeiro	559.047,96	4.695.791,94	3,83	1.706,72
Avión	Mourelle	564.800,80	4.695.171,01	0,01	54,59
Avión	Cernadas	561.269,89	4.690.683,37	6,09	2.649,70
Avión	Beresmo	562.998,83	4.692.344,06	8,30	3.216,92
Baíste	Amiudal	560.955,73	4.695.023,00	14,98	4.334,37
Baíste	Baíste	558.679,34	4.699.771,11	2,64	1.667,85
Baíste	Rubillón	557.322,53	4.699.723,10	7,19	2.176,85
Baíste	Liñares	560.023,77	4.699.716,52	6,94	2.735,52
Barroso	Couso	558.369,45	4.697.824,33	2,32	1.724,86
Barroso	Vilar	562.883,16	4.688.458,29	3,05	1.372,27
Barroso	Barroso	562.764,99	4.690.056,32	8,50	3.026,46
Barroso	Valderías	563.198,78	4.691.452,70	0,10	175,92
Boeixos	Boeixos	558.045,63	4.692.978,71	2,59	735,49
Córcores	Córcores	561.099,03	4.697.514,05	6,40	2.260,87
Cortegazas	Cortegazas	563.237,17	4.686.901,45	1,10	1.374,85
Couso	Pascais	561.818,88	4.695.615,95	2,79	866,30
Couso	Taboazas	557.058,75	4.698.696,89	3,45	2.542,98
Couso	Vilariño	558.389,02	4.696.863,56	1,68	834,71
Couso	Hedreira	556.259,43	4.696.150,40	2,80	2.165,31
Couso	Penedo	558.499,70	4.698.720,16	2,25	999,95
Nieva	Belecón-Porreira	560.196,37	4.689.658,82	5,72	2.694,43
Nieva	Mota, A	559.435,04	4.686.317,22	1,81	1.299,78
Nieva	Oroso	559.396,53	4.691.240,96	7,44	1.959,25
Nieva	Lagoa	559.689,75	4.685.580,77	0,79	524,54
Nieva	Caseiro	559.804,84	4.688.527,84	3,64	1.618,96
Nieva	Camposancos	559.075,07	4.686.732,56	4,43	2.405,73
Nieva	Cerdeiroa	559.823,53	4.686.094,48	1,00	715,83
Nieva	Abelenda	559.425,50	4.693.486,86	21,17	3.458,23

Fonte: Elaboración propia

PUNTOS DE AUGA NO CONCELLO DE AVIÓN

PARROQUIA	LUGAR	NOME	LATITUDE	LONGITUDE	X_COORD	Y_COORD	HELICOPTERO	AUTOBOMBA
BAÍSTE (SANTA MARÍA)	Liñares	ESTANQUE DA ESTRADA DE AVION	N42°26'15"	W8°16'26"	559.713,00	4.698.701,00	S	S
BAÍSTE (SANTA MARÍA)	Liñares	ESTANQUE DE HELICOPTERO DE LIÑARES	N42°26'53"	W8°16'19"	559.871,00	4.699.869,00	S	S
BARROSO (SANTA BAIA)	Barroso	ESTANQUE DO MEDIO DO MONTE DA SERRA	N42°21'54"	W8°13'14"	564.174,00	4.690.696,00	N	S
NIEVA (SANTA MARÍA)	Oroso	ESTANQUE DE OROSO	N42°22'04"	W8°16'54"	559.135,00	4.690.953,00	S	N
COUSO (SANTA MARÍA)	Couso	ESTANQUE DA PARCELA NORTE	N42°26'07"	W8°19'54"	554.965,00	4.698.437,00	N	S
AMIUDAL (SANTIAGO)	Amiudal	ESTANQUE DO COTO DO UXO	N42°24'46"	W8°18'07"	557.423,00	4.695.943,00	N	S
AMIUDAL (SANTIAGO)	Amiudal	ESTANQUE DO COTO DO UXO	N42°24'46"	W8°18'07"	557.423,00	4.695.943,00	N	S
ABELENDA (SANTA MARIÑA)	Abelenda	ESTANQUE PARCELA CENTRO	N42°23'22"	W8°18'35"	556.813,00	4.693.356,00	N	S
AMIUDAL (SANTIAGO)	Amiudal	ESTANQUE GRANDE AMIUDAL	N42°24'33"	W8°15'52"	560.625,44	4.695.646,44	N	S
AMIUDAL (SANTIAGO)	Amiudal	PISCINA DE AMIUDAL	N42°24'10"	W8°15'57"	560.510,71	4.694.890,06	N	S
AMIUDAL (SANTIAGO)	Amiudal	ESTANQUE ONDA O LAVADERO	N42°24'15"	W8°15'41"	560.762,00	4.695.010,00	N	S
AMIUDAL (SANTIAGO)	Amiudal	ESTANQUE DO MONTE FONTAO	N42°24'44"	W8°13'30"	563.766,00	4.695.932,00	N	S
AVIÓN (SANTOS XUSTO E PASTOR)	San Xusto	ESTANQUE DO MONTE ALBELOS	N42°23'59"	W8°14'28"	562.530,82	4.694.586,96	N	S
AVIÓN (SANTOS XUSTO E PASTOR)	Beresmo	ESTANQUE DE BERESMO	N42°23'05"	W8°14'14"	562.781,00	4.692.865,00	N	S
AVIÓN (SANTOS XUSTO E PASTOR)	San Xusto	ESTANQUE DO SIFÓN	N42°22'36"	W8°15'31"	561.137,92	4.692.137,32	S	S
AVIÓN (SANTOS XUSTO E PASTOR)	San Xusto	ÁREA RECREATIVA DE AVIÓN.RÍO VALEIRAS	N42°22'16"	W8°14'14"	562.794,00	4.691.362,00	N	S
AVIÓN (SANTOS XUSTO E PASTOR)	San Xusto	ESTANQUE DO Km 20	N42°22'26"	W8°13'15"	564.139,00	4.691.688,00	N	S
BARROSO (SANTA BAIA)	Barroso	ESTANQUE DE REGADÍO DE BARROSO	N42°21'23"	W8°14'20"	562.764,63	4.689.798,24	N	S
BARROSO (SANTA BAIA)	Vilar	ESTANQUE DE REGADÍO DE VILAR	N42°20'41"	W8°14'05"	563.034,00	4.688.446,00	N	S
CORTEGAZAS (SANTO ANTONIO)	Cortegazas	ESTANQUE DE CORTEGAZAS	N42°19'29"	W8°13'50"	563.476,66	4.686.240,97	N	S
BARROSO (SANTA BAIA)	Vilar	ESTANQUE DA CIMA DO MONTE SERRA	N42°20'23"	W8°13'20"	564.052,00	4.687.879,00	S	S
ABELENDA (SANTA MARIÑA)	Boeixos	ESTANQUE DE BOEIXOS	N42°22'04"	W8°17'44"	558.003,00	4.690.953,00	N	S

ABELENDA (SANTA MARIÑA)	Boeixos	ESTANQUE DE BOEIXOS	N42°22'04"	W8°17'44"	558.003,00	4.690.953,00	N	S
NIEVA (SANTA MARÍA)	Caseiro	ESTANQUE DE CASEIRO	N42°20'31"	W8°16'40"	559.492,00	4.688.104,00	N	S
NIEVA (SANTA MARÍA)	Camposancos	RIO LIMITE CON PONTEVEDRA	N42°19'30"	W8°17'17"	558.641,00	4.686.199,00	N	S
BAÍSTE (SANTA MARÍA)	Liñares	ESTANQUE DA CARRETERA DE AVION	N42°26'15"	W8°16'26"	559.713,00	4.698.701,00	N	S
AVIÓN (SANTOS XUSTO E PASTOR)	Beresmo	ESTANQUE CARBOEIRA	N42°23'44"	W8°13'01"	564.450,00	4.694.102,00	N	S
AMIUDAL (SANTIAGO)	Pascáis-Mourelle	ESTANQUE PONTE MOURELLE	N42°24'23"	W8°12'28"	565.224,62	4.695.350,81	N	S
AMIUDAL (SANTIAGO)	Pascáis-Abelleira	RIO PONTE CARDELLE	N42°25'29"	W8°13'46"	563.451,84	4.697.383,31	N	S
CORTEGAZAS (SANTO ANTONIO)	Cortegazas	ESTANQUE DO CURRO	N42°18'59"	W8°15'19"	561.544,84	4.685.284,50	N	S
ABELENDA (SANTA MARIÑA)	Abelenda	CHOZOS ABELENDA	N42°22'26"	W8°18'43"	556.645,02	4.691.595,98	S	S
ABELENDA (SANTA MARIÑA)	Mangüeiro	MANGÜEIRO	N42°22'47"	W8°17'45"	558.002,35	4.692.273,04	N	S
AVIÓN (SANTOS XUSTO E PASTOR)	San Xusto	ESTANQUE CASA GRANDE	N42°22'28"	W8°15'06"	561.619,65	4.691.617,75	N	S
COUSO (SANTA MARÍA)	Hedreira Vella	ESTANQUE HEDREIRA VELLA	N42°25'14"	W8°18'58"	556.275,51	4.696.692,61	N	S
COUSO (SANTA MARÍA)	Hedreira Nova	ESTANQUE AGUCEIRAS	N42°24'20'	W8°18'02"	557.576,16	4.695.034,43	N	S
AVIÓN (SANTOS XUSTO E PASTOR)	Avión	ESTANQUE CARBOEIRA 2	N42°24'13'	W8°12'28"	565.187,47	4.694.897,10	N	S
ABELENDA (SANTA MARIÑA)	Abelenda	REGATO DO MUIÑO	N42°23'38'	W8°09'35"	559.155,74	4.693.845,21	N	S

TECORES DO CONCELLO DE AVIÓN

MATRICULA	NOME	APROBACIÓN	TITULARES	SUPERFICIE (Has)
OU-10186	COUSO	10/09/2001	SOCIEDADE DEPORTIVA DE CAZADORES DE COUSO	3.638,09
OU-10176	AVION	17/09/2002	ASOCIACION DE CAZADORES SAN XUSTO SOCIEDAD DE CAZADOES NIEVA	5.218,43
OU-10032	SAN AGUSTIN	12/09/2001	SOCIEDAD DEPORTIVA E CAZADORES SAN AGUSTÍN	3.099,54

